

de Servicios de Certificación para que cancele a inscrición do prestador de servicios sancionado.

b) Pola comisión de infraccións graves, imporáselle ó infractor multa por importe de ata o duplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións que constitúan aquelas ou, en caso de que non resulte aplicable este criterio ou da súa aplicación resultar unha cantidade inferior á maior das que a continuación se indican, esta última constituirá o límite do importe da sanción pecuniaria. Para estes efectos, consideraranse as seguintes cantidades: o 0,5 por 100 dos ingresos brutos anuais obtidos pola entidade infractora no último exercicio ou, en caso de inexistencia destes, no exercicio actual; o 2 por 100 dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados para a comisión da infracción ou 50.000.000 de pesetas (300.506,04 euros).

c) Pola comisión de infraccións leves, imporáselle ó infractor unha multa por importe de ata 2.000.000 de pesetas (12.020,23 euros).

2. As infraccións graves e moi graves poderán levar aparellada a publicación da resolución sancionadora no «Boletín Oficial del Estado» e en dous periódicos de difusión nacional, unha vez que aquela teña carácter firme.

3. A contía das multas que se impoñan, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, o seguinte:

a) A gravidade das infraccións cometidas anteriormente polo suxeito que se sanciona.

b) A repercusión social das infraccións.

c) O dano causado, sempre que non fose tomado en consideración para cualifica-la infracción como leve, grave ou moi grave.

d) O beneficio que reportase ó infractor o feito obxecto da infracción.

4. Anotaranse no Rexistro de Prestadores de Servicios de Certificación as sancións impostas por resolución firme a estes pola comisión de calquera infracción grave ou moi grave. As notas relativas ás sancións cancelaranse unha vez transcorridos os prazos de prescrición das sancións administrativas previstos na Lei reguladora do procedemento administrativo común.

5. As contías sinaladas neste artigo serán actualizadas periodicamente polo Goberno, mediante real decreto, tendo en conta a variación dos índices de prezos ó consumo.

#### Artigo 27. *Medidas cautelares.*

Nos procedementos sancionadores por infraccións graves ou moi graves poderanse adoptar, conforme a Lei 30/1992, do 26 de novembro, as medidas cautelares que se estimen necesarias para asegura-la eficacia da resolución que definitivamente se dicte. Estas medidas poderán consistir na orde de cesamento temporal da actividade do prestador de servicios de certificación, na suspensión da vixencia dos certificados por el expedidos ou na adopción doutras cautelas que se coiden precisas. En todo caso, respectarase o principio de proporcionalidade da medida que se vai adoptar cos obxectivos que se pretendan alcanzar en cada suposto.

#### Artigo 28. *Procedemento sancionador.*

1. O exercicio da potestade sancionadora atribuída por este real decreto lei corresponde á Secretaría Xeral de Comunicacións do Ministerio de Fomento. Para iso, a Secretaría Xeral de Comunicacións suxeitarase ó procedemento aplicable, con carácter xeral, ó exercicio da potestade sancionadora polas Administracións públicas.

2. O Ministerio de Xustiza e os demais órganos que exercen competencias conforme este real decreto lei e as súas normas de desenvolvemento poderán instar-la incoación dun procedemento sancionador, mediante petición razoada dirixida á Secretaría Xeral de Comunicacións.

Disposición adicional única. *Posibilidade de emisión polas entidades públicas de radiodifusión dunha Comunidade Autónoma no territorio doutras coas que aquela teña espazos radioeléctricos lindantes.*

As entidades autonómicas habilitadas, conforme a lei, para presta-lo servicio de radiodifusión dixital terreal, poderán emitir no territorio doutras Comunidades Autónomas coas que aquela teña espazos radioeléctricos lindantes. Para iso, será preciso que exista acordo entre as Comunidades Autónomas afectadas e que, en cada territorio, se empreguen os bloques de frecuencias planificados no Plan Técnico Nacional de Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, para o ámbito autonómico.

Disposición transitoria única. *Prestadores de servicios de certificación establecidos en España antes da entrada en vigor deste real decreto lei.*

Os prestadores de servicios de certificación xa establecidos en España e a actividade dos cales se rexa por unha normativa específica terán que se adaptar a este real decreto lei no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor. Non obstante conservarán a súa validez os certificados xa expedidos que producen efectos.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe competencia exclusiva ó Estado en materia de lexislación civil, de bases do réxime xurídico das Administracións públicas e de telecomunicacións.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación ó Goberno.*

Habílase o Goberno para desenvolver, mediante regulamento, o previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Estes real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de setembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**19686** *REAL DECRETO LEI 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos.* («BOE» 236, do 2-10-1999, y «BOE» 242, do 9-10-1999.)

As reformas de carácter estrutural estimulan a competencia nos mercados de bens, servicios e factores productivos e contribúen á estabilidade da economía

mediante unha mellor asignación dos recursos e unha maior igualdade de oportunidades dos axentes que participan nos mercados.

Trala incorporación de España á terceira fase da Unión Monetaria Europea, non é posible recorrer ó instrumento monetario para modera-la evolución dos prezos, polo que a contención da inflación debe facerse a través doutros instrumentos como son a política fiscal e as reformas estruturais.

Na segunda metade de 1998 e os primeiros meses de 1999, os prezos españois aceleraron o seu ritmo de crecemento en relación cos da UE. Aínda que esta evolución se debe principalmente ó maior dinamismo da demanda interna española, a estabilidade de prezos relativos é unha variable fundamental para, a medio prazo, garanti-lo mantemento da posición competitiva da industria española.

Os incrementos nos prezos relativos acábanse traducindo en perdas de competitividade e, en definitiva, en descensos no ritmo de actividade e de creación de emprego, sobre todo, naqueles sectores, como o industrial, máis expostos á competencia internacional.

Neste sentido, a recente evolución do índice de prezos ó consumo (IPC) no noso país aconsella a adopción con carácter urxente de medidas de carácter estrutural, económico e fiscal que conduzan a unha maior liberalización, incrementen a competencia e diminúan as tensións inflacionistas.

Neste contexto de crecente liberalización do comercio internacional, os custos de produción convértense nunha variable fundamental, determinante das condicións dos intercambios e dirección dos fluxos comerciais. Dentro dos custos de produción, os custos enerxéticos adquiren unha especial relevancia pola súa repercusión sobre a estabilidade dos prezos.

Polo tanto, tendo en conta a importancia do sector enerxético no resto dos sectores productivos e non productivos da economía nacional e a evolución recente das cotizacións internacionais do cru, considerouse oportuno recorrer ó instrumento regulado no artigo 86 da Constitución. As medidas de carácter fiscal e de carácter estrutural que se conteñen neste real decreto lei permitirán unha máis eficiente resposta da oferta ós impulsos da demanda.

Dentro das medidas de contido económico, a alta variabilidade das cotizacións internacionais de materia prima e frete nos mercados internacionais dos gases licuados do petróleo (GLP140s), as cotizacións dos cales proveñen de fontes limitadas en número e consecuentemente en volume de operacións, que elas representan, aconsellan, para aqueles consumos de mercado carácter social, é dicir, para a subministración envasada, buscar fórmulas que garantan unha estabilidade nos prezos, salvagardando os intereses dos consumidores e mantendo o réxime económico vixente. Pola mesma razón, inclúese a aplicación dun tipo reducido de IVE e a modificación da tarifa do imposto especial de hidrocarburos para o GLP envasado.

Polo que se refire ás medidas de carácter estrutural que se conteñen neste real decreto lei, estas refírense tanto á actuación do maior número de axentes no mercado de gas natural e gases licuados do petróleo, como á introducción de medidas de información ó consumidor que lle facilite unha mellor elección na súa demanda de carburantes. Pola súa vez, a través da adopción de medidas que van posibilita-la aparición dun maior número de subministradores de produtos petrolíferos, tanto en núcleos urbanos, como en determinadas vías de comunicación, afóndase nunha maior competencia e transparencia no mercado.

As medidas contidas neste real decreto lei terán, en definitiva, unha incidencia directa sobre os prezos dos carburantes e combustibles e asemade reforzarán a com-

petencia na distribución destes produtos, o que permitirá un funcionamento máis eficiente deste mercado.

A necesidade de responder con urxencia ás perdas de competitividade ocasionadas polos incrementos nos prezos relativos, debido á súa incidencia negativa sobre a evolución económica e o emprego, xunto ás alteracións que se poderían ocasionar no mercado, no suposto da tramitación ordinaria das medidas, que aquí se recollen, xustifican este real decreto lei.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Fomento e de Industria e Enerxía, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de outubro de 1999, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución,

## DISPOÑO:

### Artigo 1. *Comercialización dos gases licuados do petróleo envasados.*

1. Co obxecto de que se poida proceder á comercialización de gases licuados do petróleo envasados en establecementos comerciais e estacións de servizo, autorízase o almacenamento de envases de gases licuados do petróleo con capacidade unitaria de ata 15 quilogramos, nas ditas instalacións. A capacidade de almacenamento nestes supostos será de 500 quilogramos como máximo, debendo cumprilas mencionadas instalacións, en todo caso, as condicións técnicas e de seguridade regulamentariamente establecidas para as capacidades citadas.

2. Autorízase o transporte de envases que conteñan gases licuados do petróleo, de ata 15 quilogramos de capacidade unitaria, en vehículos de uso particular e cun máximo de dous envases, sempre que se transporten en posición vertical cando estean cheos e se adopten as medidas adecuadas para evita-la súa caída. Queda prohibido o estacionamento de vehículos que conteñan envases de gases licuados do petróleo, calquera que sexa o seu volume e carga, en estacionamentos subterráneos.

### Artigo 2. *Comercializadores de gas natural.*

Mentres non se proceda ó desenvolvemento regulamentario do artigo 80 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a Dirección Xeral da Enerxía do Ministerio de Industria e Enerxía poderá autorizar con carácter provisional aquelas persoas xurídicas que pretendan desenvolve-la actividade de comercialización de gas natural en todo o territorio nacional ou en máis dunha Comunidade Autónoma e acrediten a suficiente capacidade legal, técnica e económica.

Esa autorización provisional concederase sen prexuízo da necesidade de obte-la autorización definitiva no prazo e cos requisitos que se establezan no mencionado desenvolvemento regulamentario.

### Artigo 3. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, reguladora do imposto sobre o valor engadido.*

Engádese un novo punto ó artigo 91.un.1 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, reguladora do imposto sobre o valor engadido.

«10.º O gas licuado do petróleo envasado.»

**Artigo 4. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.***

Modifícase o epígrafe 1.8 da tarifa 1.<sup>a</sup> do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactado como segue:

«Epígrafe 1.8 GLP destinados a usos distintos ós de carburante: 0 pesetas por tonelada.»

**Artigo 5. *Prezos de gases licuados do petróleo envasado.***

1. O prezo máximo de venda ó público, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, con contido igual ou superior a 8 quilogramos, fíxase en 83,4 pesetas/quilogramo, incluída a distribución domiciliaria. Este prezo permanecerá vixente durante un período de doce meses a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei.

2. O ministro de Industria e Enerxía, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dentro do período de doce meses fixado no punto anterior, establecerá un sistema de fixación de prezos dos gases licuados do petróleo envasados atendendo a razóns de estacionalidade nos mercados.

3. Se as condicións de concorrencia e competencia neste mercado non se considerasen suficientes, o ministro de Industria e Enerxía, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá establecer outros sistemas de fixación de prezos máximos de venda ó público de gases licuados do petróleo envasados. O prezo máximo incorporará o custo da distribución a domicilio.

**Artigo 6. *Comercialización de gases licuados do petróleo en establecementos comerciais e estacións de servizo.***

1. O prezo máximo dos gases licuados do petróleo en envases de capacidade unitaria igual ou superior a 8 quilogramos, que se comercialicen en establecementos comerciais e estacións de servizo, terán un desconto mínimo dun 5 por 100 sobre os prezos fixados, de acordo co artigo 5 deste real decreto lei.

2. Facúltase o ministro de Industria e Enerxía para modificar á alza ou á baixa a porcentaxe do punto 1 deste artigo, en función da evolución desta nova canle de comercialización.

**Artigo 7. *Carteis informativos.***

Nos accesos ás autoestradas e nas estradas estatais, será obrigatoria a colocación de carteis informativos nos que se indique, en todo caso, a distancia ás estacións de servizo máis próximas ou ás situadas nas áreas de servizo, así como o tipo, prezo e marca dos carburantes e combustibles petrolíferos ofrecidos naquelas. A situación deses carteis efectuarase nas zonas de dominio público ou de servidume das autoestradas ou estradas, debendo ser autorizada pola Dirección Xeral de Estradas. Será responsabilidade do concesionario da autoestrada e, se é o caso, do titular da estación de servizo onde se sitúe o cartel a instalación, conservación e mantemento de tales carteis, así como a actualización da súa información, operacións que, en todo caso, se farán sen risco ningún para a seguridade vial. Para tal fin os titulares de estacións de servizo deberán informa-lo concesionario das variacións dos prezos que se produzan.

A forma, cores e dimensións dos carteis informativos a que se refire o parágrafo anterior estableceráos o Ministerio de Fomento.

**Artigo 8. *Preferencia na adxudicación de áreas de servizo.***

Nos concursos nos que, de acordo coa normativa vixente en materia de estradas estatais, se recolla a concesión de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, incluídas en áreas de servizo, ponderaranse favorablemente as proposicións que non impliquen subministración en exclusiva co mesmo operador por xunto ou operador do mesmo grupo empresarial que o que subministre en exclusiva ás estacións de servizo inmediatamente anterior e posterior, no mesmo sentido de circulación á que é obxecto do concurso.

**Artigo 9. *Concesión de novas estacións de servizo.***

O Ministerio de Fomento, de oficio ou por solicitude de calquera interesado, cando a situación e as características das áreas de servizo das estradas estatais o permitan, convocará concursos para o outorgamento, dentro da mesma área, de concesións independentes para a construción e explotación de distintas instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

**Artigo 10. *Modificación da Lei 25/1998, do 29 de xullo, de estradas.***

Dáselle unha nova redacción ó parágrafo segundo do artigo 19.4 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, nos seguintes termos:

«A adxudicación das concesións de áreas de servizo que, en todo caso, se realizará por concurso, comprenderá as seguintes actuacións:

a) Determinación da localización da área de servizo, así como das instalacións e servizos que incluírá e dos requisitos e condicións de cada un deles. Corresponderalle ó ministro de Fomento ou ó órgano en quen este delegue tal determinación, logo de informe da Dirección Xeral de Estradas, sobre os requisitos técnicos e de seguridade e, se é o caso, se se inclúsen estacións de servizo, do Ministerio de Industria e Enerxía. Ámbolos informes serán emitidos no prazo de quince días, e de non se emitiren nese prazo proseguirán as actuacións.

O ministro de Fomento actuará de oficio ou por instancia de calquera interesado que solicite a concesión da explotación ou da construción e explotación dunha área de servizo ou de calquera dos seus elementos integrantes, incluíndo na súa solicitude a documentación acreditativa da súa personalidade e unha memoria indicativa da situación e características da área ou da instalación da que se solicite a concesión. Tal solicitude será resolta no prazo máximo dun mes desde a súa presentación e só poderá ser denegada a continuación do procedemento se a área de servizo non cumpri- se os requisitos técnicos e de seguridade establecidos pola normativa aplicable, facéndose constar así por resolución motivada. A falta de resposta expresa, no citado prazo dun mes, levaría consigo a necesidade de cumpri-lo trámite previsto no parágrafo anterior e os demais indicados nos parágrafos seguintes.

b) Información pública por prazo non inferior a vinte días, que se anunciará no Boletín Oficial del Estado e nun diario de ampla circulación na zona afectada, co fin de que calquera persoa física ou xurídica poida formula-las alegacións ou suxestións que coide convenientes.

c) Aprobación polo ministro de Fomento do prego de cláusulas administrativas particulares para a execución das obras e a explotación do servizo, con sinalamento expreso dos prazos de iniciación e terminación das obras e dos efectos do seu incumprimento, así como do prazo da concesión, canon que hai que satisfacer e garantías técnicas e económicas que deberán presenta-los concursantes.

d) Resolución polo Ministerio de Fomento do expediente de contratación, de conformidade co establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas.»

#### Artigo 11. *Planificación en materia de estacións de servizo.*

1. O Goberno, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, procederá á aprobación de criterios xerais para a determinación do número mínimo de instalacións de subministración de produtos petrolíferos polo miúdo en función da densidade, distribución e características da poboación, da densidade de circulación de vehículos, así como daqueles outros parámetros que se estimen precisos.

Así mesmo, poderanse aprobar criterios particulares para aquelas zonas do territorio que os requiran en atención ás súas características específicas de poboación, circulación de vehículos ou grao de desenvolvemento do mercado de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

Unha vez aprobados estes criterios, que se elaborarán coa participación das comunidades autónomas, serán presentados ó Congreso dos Deputados.

2. No prazo de dous meses desde a aprobación dos criterios a que se refire o punto 1 deste artigo, por parte das entidades locais no ámbito territorial das cales aqueles non se cumpran e, se é o caso, por parte das Comunidades Autónomas nas que estean situadas, procederase, no ámbito das súas respectivas competencias, a adapta-los instrumentos de ordenación do territorio e a efectua-las actuacións que resulten necesarias para facer posible o seu cumprimento, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo as reservas de solo necesarias para a localización das novas instalacións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 242, de data 9 de outubro de 1999.)

**19853** *LEI 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos Servizos de Saúde.* («BOE» 239, do 6-10-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asistencia sanitaria que se presta a través dos diferentes Servizos de Saúde das comunidades autónomas con competencias na materia e do Instituto Nacional da Saúde nas comunidades que non recibiron as correspondentes transferencias, constitúe un dos máis importantes servizos públicos do noso país, no que se emprega un elevado volume de recursos con cargo ós impostos estatais. Estes servizos, polo seu carácter asistencial, son intensivos en persoal, e aínda cando no conxunto do Sistema Nacional de Saúde conviven distintos vínculos laborais, a gran maioría dos traballadores teñen a condición de persoal estatutario.

O réxime xurídico do persoal estatutario ten como base tres estatutos profesionais diferentes (para o persoal facultativo; sanitario non facultativo e non sanitario) adoptados en 1966, 1973 e 1971, respectivamente, no marco institucional da Seguridade Social. Os sucesivos cambios do sistema sanitario desde esas datas supuxeron, inevitablemente, a modificación de múltiples aspectos destes estatutos, para os que a Lei xeral de sanidade, do 14 de abril de 1986, preveu a súa integración nun estatuto-marco, básico para tódalas profesións, no que se conterían as normas comúns, entre outras, en materia de selección e provisión de postos de traballo, garantindo a estabilidade no emprego e a categoría profesional.

A ausencia deste estatuto-marco, xustificada por diversas razóns, non impediu que o Estado fose adoptando diversas disposicións básicas sobre o réxime estatutario. Polo que se refire á selección e provisión de prazas, as últimas e máis importantes son as contidas no punto catro do artigo 34 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, e, no seu desenvolvemento, no Real decreto 118/1991, do 25 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social.

A interposición contra esta norma regulamentaria de diversos recursos contencioso-administrativos que suscitaban, pola súa vez, cuestión de inconstitucionalidade respecto do artigo 34.catro da citada Lei de orzamentos para 1990 —pola falta de adecuación desta lei para regular tales temas— levou ós pronunciamentos sucesivos do Tribunal Constitucional e do Supremo, os cales, en sentencias do 15 de outubro e do 1 de decembro de 1998, resolveron a inconstitucionalidade do dito artigo 34.catro e, en consecuencia, a falta de apoio legal e invalidez formal do Real decreto 118/1991.

Ante estas decisións xudiciais, o Goberno, para evita-la paralización das numerosas convocatorias amparadas en tales normas, aprobou o Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, co que se pretendía dar cobertura transitoria a estes procesos selectivos reproducindo, na súa práctica totalidade, o contido do punto catro do artigo 34 da Lei 4/1990 e o articulado do Real decreto 118/1991, ambos anulados. Este real decreto lei foi validado polo pleno do Congreso dos Deputados, do 9